



## O HOME DO CIPRÉS

Pois si, saíunos un título que ben podería servir para comezar un relato ambientado nun camposanto, unha elexía aos cesados e cesadas. Pero non, non toca facer epitafios a que nos deixaron (e nos deixarán); a cousa é moito máis prosaica.

A CIG da a benvida ao novo delegado territorial da Xunta en Vigo, o Sr. López-Chaves. Vostede non nos coñece; nosoutros a vostede si. A maiores do que sabemos do seu paso polo concello, témolo visto moitas veces botando un pito debaixo do ciprés que está ás portas do edificio da Autoridade Portuaria de Vigo, a carón da súa nova casa.

Dámoslle as grazas por convidarnos á súa toma de pose pero preferimos nos asistir. Nosoutros non encaixamos nun acto arrodeados de 200 persoas, maioritariamente empresarios, profesionais da política e algún que outro buscando facerlle as beiras, todos de punta en branco, de perrucaría, prontos para saír na foto. Preferimos agardar a que nos cite para falarmos das demandas que nos traslada o persoal. Por se quere ir vendo, van unhas ideas.

☞ É vostede o representante en Vigo dun goberno que nos quitou

retribucións, fondo de acción social, días de descanso.. Está disposto a apoiar aos seus traballadores?

☞ Vai fiarse vostede do que lle conten un par de compañeiros de partido e catro pelotas sen escoitar máis voces?

☞ Baixo o seu organigrama existe unha total arbitrariedade á hora de cubrir postos temporais. Inclusive temos xente desprazada que cobra por traballar en localidades diferentes sen que conste en ningún papel. Está a tempo de evitar ter dar explicacións. Cando guste, poñémoslle nomes enriba da mesa, explicámoslle o abuso sobre todo na xefatura territorial de traballo.

☞ Ten no seu organigrama algunhas persoas que desprezan os dereitos dos traballadores e traballadoras, ou simplemente son prepotentes ou rixidas ata o absurdos. As súas formas fomentan o mal ambiente que existe nalgúns departamentos.

☞ Sabe que no edificio de Vigo, a diferenza doutros centros de traballo da Xunta, non hai alternativa ao aparcamento de vehículos que non sexan alugando unha praza nun garaxe?

☞ Despois de que o goberno do partido que o nomeou eliminase centos de postos de traballo, hai unidades en que o chollo non sae adiante por falta de persoal. Solución: tiran de horas extraordinarias (depedencia, relacións laborais, risga, autónomos, menores, ..). Pelexe con nosoutros porque incrementen os postos de traballo.

☞ Fai un par de anos sufrimos unha molesta exposición sobre Teresa de Calcuta que non foi máis que unha exaltación relixiosa. Durante varias semanas de hai uns meses unha asociación organizou no salón de actos unhas xornadas sobre a ópera. Fai uns días acollimos un festival no que participaron tres corales. Por contra, non se autorizou unha conferencia-coloquio cun catedrático da Universidade Autónoma de Madrid sobre a Unión Europea e Grecia solicitada pola CIG e o Foro Cívico de Vigo no salón de actos un día de agosto pola tarde. Vai manter unha xestión partidista das instalacións da Administración?

☞ Que opina de que haxa despachos do edificio que son utilizados como se fosen a sede do PP, descoitando as súas obrigas na Administración Autónoma?

☞ Vai mediar para resolver as carencias de espazo e ventilación que temos nalgún centro, como a Oficina de Emprego de Cangas, que aturan traballadores/as e cidadáns? E revitalizar centros que deixaron esmorecer como a Residencia de Patos?

Temos moito máis que desexamos falar con vostede, esto foron só unhas ideas. Sabendo que o noso papel non é o de dirixir, cando guste chámenos e acudiremos. Nosoutros non lle vamos facer as beiras.



## AVELINO MONTERO. ESIXE INVERSIÓN ESTRUTURAL E DE MEDIOS

O obxecto deste centro de protección de menores é o de velar para que aqueles rapaces en situación de conflito social ou que a consecuencia de medidas xudiciais teñan que ingresar neste “reformatorio” adquiran un novo modelo de comportamento que lles permita a integración plena na sociedade.

Cando os/as menores chegan ao Avelino Montero o primeiro que se atopan é un edificio de planta baixa cercado por unha malla de 5 metros de altura, custodiado por gardas de seguridade uniformados. Unha vez que acceden a súa habitación, o impacto é brutal ao atoparse cun zulo de 6 metros cadrados que contén unicamente un catre e unha mínima fiestra enreixada.

As zonas comúns, salas de televisión con sofás derramados, cotrosos e noxentos, fican en penumbra, con paredes descascadas, non permiten unha estancia minimamente agradable.

O mobiliario só responde a unha función: ocupar espazos, sen a consideración de elementos que axuden ao benestar físico e emocional.

As saídas do ar acondicionado están cheas de cotra pois nin se limpian nin se manteñen adecuadamente.

te, polo que en ausencia de ventás amplas, o ar sempre está viciado.

Incidindo no ambiente que axude á reeducación, hai restricións no uso de papel hixiénico e na cantidade de auga que se pode beber. Ata a roupa que se lles entrega está chea de rotos e remendos.

Cando se necesitou de alguén que dominase a linguaxe de xordos, nin se contratou nin se buscou alguén en réxime de colaboración, polo que a única maneira que tivo para comunicarse algún menor xordomudo que estivo interno, foi a través do “pizarrín” que se lle facilitou. Plena reeducación, seguro!

A prevención da saúde e da seguridade, de traballadores/as e de rapaces/rapazas, non cumpre os mínimos estándares legais. Destaca que as habitacións dos e das menores permanecen pechadas en horario nocturno, con chave dende o exterior pero sen que exista un sistema de apertura automática para un suposto caso de emerxencia. Imaxinemos que ocorrería nun non desexado incendio nocturno: as portas habería que abrílas unha a unha, o que podería dar lugar a algún falecemento por abrasión ou asfixia.

## XULIO, O CONVERSO

Lémbreste de Xulio, aquel funcionario que no ano 2011 foi o cabeza de lista doutro sindicato nas eleccións sindicais á Xunta de Persoal? Saíra elixido representante sindical, liberado a xornada completa. Un bo día desapareceu da actividade sindical.

Reincorporouse ao seu chollo en Vivenda-Pontevedra. Máis tarde apareceu por Vivenda-Vigo, sen comisión de servizo nin nada, pola cara (ou polo dedo). A consellería ata chegara a facer unha proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo na que movían o posto de Xulio de Pontevedra a Vigo. Opuxémonos como facemos en casos similares, demandando que creasen o novo posto baleiro e calquera puidese optar a el no concurso. Así fixeron, retiraron a proposta, e crearon unha xefatura de



ne-gociado baleira. Imaxinas quen foi o beneficiario, agora si cumprindo a norma, mediante comisión de servizo? A resposta é evidente.

Chegou o mes de xullo e concedéronlle unha nova comisión de servizo no posto de xefe da unidade de valoración da discapacidade de Pontevedra (o xefe da oficina, equivalente a xefe de sección). A partires de entón esqueceu todo o que sabía dos dereitos e obrigas dos traballadores. De entre as súas formas cos subordinados destaca a súa ousadía por ameazar ao persoal temporal contratado por acúmulos de tarefas con rescindirilles o con-

## Outras Novas

### Oposicións e concursos:

- **Promoción interna corpos xerais:** listados de admitidos deberían saír na segunda quincena de outubro. Probábeis datas de exame entre marzo e abril de 2016.

- **Oposicións corpos xerais-libre (A1/A2/C1/C2):** listados de admitidos probablemente para novembro. Calculan como datas de exame entre marzo e abril de 2016..

- **Concurso xeral:** en outubro tería que saír o listado provisional.

- **Concurso persoal laboral:** seguimos pendentes da revisión de categorías (quedaran en mandar algo para o pasado setembro).

- **Concurso administración especial:** din que están traballando en adaptar as RPT,s á nova Lei de Emprego Público xa que coa entrada en vigor se modificaron e agruparon moitas escalas.

- **Concurso Lei 17:** en xullo dixeran que sairía en setembro (?).

- **Concurso veterinarios e estatísticos:** tamén en xullo dixeran que sairía en setembro-outubro.

- **Cambios de normativa que afectan aos procesos selectivos:** publicadas o 2 de outubro a Lei de procedemento administrativo común e a Lei de réxime xurídico do sector público. Nos procesos en que o Tribunal non estea nomeado, entran as novas leis. Función Pública vai convocar aos sindicatos para ver o que afecta. A EGAP fará os cambios nos temarios.

- **Novo decreto de listas:** o 2 de outubro comprometéronse a enviar borrador “nas vindeiras semanas”.

trato no período de proba se exercitaban o uso dos seus dereitos á flexibilidade ou á redución horaria. Destaca tamén o seu atrevemento a pretender obrigar ao persoal a que realizase un curso de manexo da aplicación informática que utilizan fora da xornada laboral.

Unha vez máis os responsábeis da Administración lúcese coa súa arbitrariedade na concesión das comisións de servizo, mentres o goberno se nega a negociar un acordo de criterios obxectivos.

## PARASOLES, COMEDOR E HIXIENE NO EDIFICIO DE PONTEVEDRA

### Parasoles

O 30 de setembro tivemos unha xuntanza do Comité de Seguridade e Saúde do edificio da Xunta en Pontevedra. Como asunto máis salientable destacar que nos comunicaron que os fondos que estaban comprometidos para a contratación dos traballos de instalación de parasoles exteriores na fachada sur do edificio finalmente xa están aprobados, comprometéndose a Administración a licitar os traballos entre o 15 e 20 de novembro (do 2015).

Despois de anos de queixas das e dos traballadores do edificio e das numerosas reclamacións por parte dos delegados e delegadas da CIG, imos conseguir que as nosas demandas sexan atendidas.

### Comedor

Resultado dunha negociación tras o fracasado intento doutra organización sindical, a CIG conseguiu un acordo coa Secretaría Territorial e a

Xefatura Territorial de Presidencia para habilitar un comedor dentro do edificio administrativo para uso dos traballadores/as que así o soliciten. O compromiso inicial era utilizar de xeito experimental a sala de lactación como única opción posible. Curiosamente, cando insistimos que comezase o comedor como proba, o correo que as persoas responsábeis do edificio enviaron a todo o persoal recolle unha opción diferente: usar o espazo na cafetería condicionado ao consumo de bebida.

Aínda que cremos que non é a mellor das opcións porque impide facer uso do microondas, frigorífico ou vertedoiro que hai na sala de lactación, ánimoate a facer uso desta alternativa xa que así poderase comprobar cal é a demanda e con eses datos poder solicitar un lugar máis axeitado como solicitamos nun principio.

### Contedores hixiénicos nos baños das mulleres

### O comedor en Vigo

No caso do edificio de Vigo, onde non existe cafetería no interior do centro de traballo, lembramos que fai xa varios anos que a CIG conqueiriu dos responsábeis do edificio a habilitación dun espazo para poder comer. Está ubicado no segundo andar da torre principal, a altura de xestión económica. A sala, tamén dispoñíbel para quen precise espazo para lactación, dispón dun microondas.

Ante as numerosas e reiteradas queixas das usuarias dos baños das mulleres do edificio administrativo en Pontevedra polo mal cheiro que desprenden os contedores hixiénicos localizados no interior dos baños, a CIG conseguiu que a Administración esixa á empresa adjudicataria que melloren a frecuencia do servizo de recollida e limpeza destes contedores. A ver se acaban co mal cheiro.

## O QUE CONSEGUIMOS DE DÍAS ADICIONAIS

Dicía Sun Tzu hai 2.500 anos que un exército debe analizar os plans do inimigo para coñecer os puntos febles a atacar sobre a febleza.

A febleza do PP son as eleccións que veñen, porque vese obrigado a modificar temporalmente os seus plans de recortes para non seguir perdendo votos.

Nese contexto, dende o PP a nivel de Estado dan a orde de afrouxar a presión sobre os empregados/as públicos/as. De aí o agasallo dos días adicionais. O PP na Galiza debe cumprir o mandato de Madrid e facer a mesma operación. Así que nesa tesitura aquí ven unha xogada perfecta: non só devolven o que xa ían a devolver senón que ademais poden vendelo como un acordo cos sindicatos.

Dende a CIG sabíamos que ían devolver os días polo que “atacando sobre a febleza” era hora de poñer sobre a mesa o resto de reivindicacións, e neste caso os 9 días.

Non necesitaban ningún acordo para aprobalos, podían facelo mediante decreto. O que non se enten-

de é que os outros sindicatos acepten o que ofrece a Xunta e que xa estaba conseguido, sen pedir a restitución completa.

Así que da febleza non obtivemos máis que o que xa anunciaron que nos ían devolver. Lamentábel.

### Días de vacacións

Segundo os anos de servizo:

- Ata 15 anos: 22 días hábiles.
- Con 15 anos: 23 días hábiles.
- Con 20 anos: 24 días hábiles
- Con 25 anos: 25 días hábiles
- Con 30 anos: 26 días hábiles

### Asuntos propios

- 6 días para todo o persoal (7 no 2015 polo sábado 15 de agosto).
- Ao cumprir o 6º trienio, 2 días adicionais
- 1 día adicional a máis por cada trienio a partir do 8º.
- Os días por asuntos particulares poderán acumularse aos días de vacacións que se poden gozar de forma independente.
- Período de goce: ata o 30 de abril de 2016.

A entrada en vigor será previsiblemente a semana do 19 de outubro, unha vez sexa publicado no DOG.

### E que pasa cos outros recortes?

Seguimos a ser das poucas Administracións que teñen **retirado o complemento específico e cantidade similar para o persoal laboral das extras** e despois da reunión có conselleiro, parece que no 2016 tampouco o van restaurar. Por non falar do adebedado por este concepto nos anos precedentes.

Seguimos sen o complemento do **100%** das retribucións en caso de **baixa por IT**.

E o **V convenio do persoal laboral mutilado** en canto a descansos e vacacións, especialmente o art. 19.

Para todo isto que ía na Lei de medidas, a CIG, mediante reunión cos grupos parlamentares da oposición conseguiu o compromiso de que no caso de cambio político fose derrogado.

## CENTROS DE ENSINO: QUEREMOS SENTARNOS A NEGOCIAR

A CIG vai comezar unha campaña de concienciación entre o persoal laboral e funcionario non docente que traballa nos centros educativos, paso previo á nosa intención de abrir unha negociación coa consellería motivada polo incremento da conflictividade nos centros.

### *Para todos, funcionarios non docentes e laborais:*

- ✓ A campaña de control da saúde do persoal de administración e servizos comeza demasiados meses despois de rematar a dos docentes, como se a nosa vida valese menos.
- ✓ Posta en marcha de métodos de control horario e cambios organizativos sen dar conta aos órganos de representación do persoal (a CIG exerce a presidencia e secretaría do Comité de Empresa e da Xunta de Persoal).
- ✓ Inadecuada inspección e corrección das deficiencias detectadas nas instalacións pola nula vontade de facer funcionar o comité de prevención de riscos laborais.
- ✓ Ausencia de persoal directivo en horarios lectivos.
- ✓ Utilización da Inspección de Educación para presionar ao persoal de administración e servizos.
- ✓ Non se cubren as baixas co que esto supón en servizos atendidos por unha ou poucas persoas. Non se

cubre nin un só posto de media xornada.

### *O persoal laboral necesita discutir:*

- ✓ A ratio de metros de limpeza ten circunstancias a considerar (taller, follaxe, lama ..).
- ✓ O cambio de categoría profesional do persoal oficial 2ª de cociña, pois gañamos todas as sentenzas.
- ✓ Nalgúns centros a directiva ten a tentación de crer que o persoal coidador son criados para todo, esquecendo que teñen asignados alumnos e alumnas concretas con necesidades especiais.
- ✓ Aplicación ao persoal laboral que ocupa postos de ordenanza ou auxiliar administrativo das melloras retributivas dos funcionarios do acordo conquistado no ano 2008.

### *O persoal funcionario ten que solucionar:*

- ✓ Deficiente formación nos métodos de traballo. Nula planificación (prazos axustados, novas axudas para libros, LOMCE..).
- ✓ Horarios ao libre albedrío da dirección con criterios diferentes en centros idénticos. Ata abrir o centro os subalternos os domingos. Atrancos á constitución da comisión de seguimento do acordo do 2008 para solucionar conflitos de horarios.

### Sanción colectiva

Se a non substitución das baixas nun centro de ensino é un problema, que podemos dicir cando se trata dunha vacante temporal por sanción disciplinar?

Temos un centro de ensino no que un subalterno recibiu a sanción disciplinar de suspensión de emprego e soldo durante un mes. Feitas xestións coa consellería, esta informa que non vai proceder a cubrir a praza durante ese mes.

As compañeiras e compañeiros non sancionados van ter que asumir maior carga de traballo e quendas, co que van soportar parte da sanción sen comelo nin bebelo.

- ✓ Falta de respecto polo preaviso regulado no acordo do 2008 para os casos de cambios de horarios.
- ✓ Indefinición de funcións, chegando ao absurdo de que a mesma tarefa fana docentes, subalternos ou auxiliares, segundo o centro.
- ✓ Utilización do persoal administrativo para a xestión dos comedores escolares cando os directores cobran por esa tarefa.

Se tes algunha queixa ou suxestión que consideres debamos incorporar, contacta coa CIG.

## MÁIS DE 10.000 CAMPOS DE FÚTBOL QUEIMADOS

Levamos anos advertindo das políticas de disgregación e privatización do dispositivo da loita contra incendios forestais (SPDCIF), que comprometen o traballo dos profesionais. O tempo danos a razón: falta o mes de novembro e **xa vai queimada unha superficie equivalente a máis de 10.000 campos de fútbol en Galiza**, o cuádruplo da arrasada no ano 2014. Concluimos que un mal modelo de prevención e extinción, tivo como consecuencia unha mala campaña.

Como exemplo dese mal modelo, o día 30 de setembro foron cesados os traballadores contratados por 3 meses (que son o 23% do SPDCIF), e poucas semanas despois, tócalles aos traballadores contratados por 9

meses (o 33% do mesmo servizo), co que o 56% dos profesionais do SPDCIF non estarán dispoñibles para realizar as tarefas de prevención, de vixilancia, de extinción (se é necesario) e de divulgación durante o período invernal.

A precarización nas condicións de traballo no SPDCIF, as inaceptables taxas de temporalidade, o elevado número de prazas vacantes sen cubrir e a negativa a recoñecer a categoría de bombeiro forestal, poñen en grave risco a eficacia e eficiencia dun servizo esencial para os intereses de Galiza.

O pasado 1 de outubro as organizacións sindicais representativas na Administración Autónoma, con-

vocaron novamente unha manifestación para denunciar a pasividade da consellería ante as nosas peticións de diálogo e negociación, e para solicitar a apertura dunha mesa de negociación.

